



RESOLUCIÓN DO 30 DE SETEMBRO DE 2009 DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS POLA QUE SE APROBA O PLAN DE ORDENACIÓN DAS ZONAS DE LIBRE MARISQUEO DA RÍA DE AROUSA, NA MODALIDADE DE MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

Antecedentes

Os **Lombos do Ulla**, situado na zona baixa do estuario do río Ulla e cunha extensión aproximada de 7 km², constitúen unha zona de libre marisqueo con especial importancia na produción marisqueira de Galicia e, no que se desenvolveu nos últimos anos un proxecto piloto que permitiu coñecer o estado dos recursos e optimizar a súa xestión.

Este mecanismo de xestión permitiu levar a cabo un seguimento exhaustivo de diversas variables a partir de mostraxes e análises do sedimento, as augas e os recursos mariños de interese comercial, co que se acadaron valiosos coñecementos sobre a cartografía e caracterización do sedimento, a bioloxía das especies, as condicións patolóxicas dos moluscos, as condicións ambientais dos bancos marisqueiros e a hidrodinámica da zona de explotación.

O banco natural do **Bohído**, cunha extensión de aproximadamente 5,5 km² e situado entre a costa este da Illa de Arousa e a de Vilanova e Cambados, é ao igual que os **Lombos do Ulla** unha zona de libre marisqueo con especial importancia na produción marisqueira de Galicia.

O **Bohído**, anos atrás, foi un dos principais bancos marisqueiros de Galicia, tanto para a ostra plana (*Ostrea edulis*) como para a ameixa babosa (*Venerupis pullastra*) pero as mortandades orixinadas como consecuencia da infestación por *Bonamia ostreae*, no caso da ostra, por causas sen determinar na ameixa, mortandades denunciadas de xeito frecuente polas confrarías, e a sobreexplotación xeral do banco provocaron unha progresiva merma da produtividade ata a súa práctica esquilma. Dende o ano 2005, vense desenvolvendo un plan encamiñado á súa recuperación.

O día 11 de xullo de 2007 representantes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (hoxe en día Consellería do Mar) e das confrarías de pescadores da ría de Arousa, reuníronse co fin de establecer medidas de xestión para o banco marisqueiro de **Cabío**, que se plasmaron nun documento de directrices denominado “Plan de **Cabío**, ría de Arousa”, para o ano 2007. Con base deste documento e no acordo adoptado entre as confrarías da ría de Arousa os días 11 e 26 de setembro de 2007, foi ditada a Resolución do 28 de setembro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se aprobaron as condicións para a explotación do banco marisqueiro de Cabío. Con posterioridade se foron ditando diversas resolucións ata que finalmente as condicións para a súa xestión quedaron establecidas na Orde do 23 de decembro de 2008, pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación



Marisqueira para o ano 2009 (DOG núm. DOG núm. 253, do 31 de decembro de 2008, corrección de erros do día 27 de xaneiro de 2009)

Finalmente, na ría de Arousa quedan algunhas **zonas de libre marisqueo que non están incluídas** en ningún dos plans de xestión destes tres bancos nin tampouco nos plans específicos para as zonas de libre marisqueo aprobados para algunhas das confrarías da ría de Arousa (A Illa de Arousa, Cambados, Carril, O Grove, Vilanova e Vilaxoán), que se rexen polo disposto no artigo 5º do *Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños* e consecuentemente, pola Orde pola que se aproba o Plan Xeral d Explotación Marisqueira anual.

Feitos

Na reunión mantida, o día 28 de setembro de 2009 con representantes da Consellería do Mar e de todas as confrarías de pescadores da ría de Arousa adoptouse o acordo de integrar todas as medidas de xestión para as zonas de libre marisqueo da ría de Arousa nun único *Plan de Ordenación* co claro propósito dunha xestión máis eficaz e áxil de todas estas zonas.

Fundamentos xurídicos e técnicos

A Orde do 23 de decembro de 2008, pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2009 no seu artigo 3º establece o seguinte:

“Artigo 3º. Zonas de libre marisqueo

1. Segundo o establecido no artigo 5º do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, autorízase como norma xeral a extracción de moluscos nas zonas de libre marisqueo, non suxeitas a plan específico dende o 2 de xaneiro ao 31 de marzo e desde o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2009.

2. As cotas de captura para as zonas de libre marisqueo serán as recollidas no cadro C. As cotas máximas de captura poderán ser aumentadas ou dismunídas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos dependendo do estado do recurso.

3. Exceptúanse do exposto nos puntos 1 e 2 anteriores as seguintes zonas.

(...)

c) *Ría de Arousa*



- *Banco dos Lombos do Ulla, en que a actividade se realizará segundo o plan piloto aprobado e conforme ás resolucións da Dirección Xeral de Recursos Mariños*
- *Banco do Bohído, que se explotará de acordo co plan de xestión específico para a zona e conforme as resolucións da Dirección Xeral de Recursos Mariños*
- *Banco de Cabío (marisqueo dende embarcación), que se explotará conforme as condicións recollidas na ficha resumo, que forma parte do expediente, e as resolucións da Dirección Xeral de Recursos Mariños”.*

A disposición derradeira segunda dispón: *“Autorízase á persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Mariños para o desenvolvemento desta orde e que, co obxecto da mellora da xestión dos recursos mariños e na procura dunha explotación sustentable destes, adopte as medidas de xestión necesarias en función do estado dos recursos e dos informes emitidos polos técnicos”.*

Finalmente, e segundo o disposto no artigo 6º do Decreto 312/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños *“as competencias sobre ordenación pesqueira, tanto de carácter profesional como recreativo; ordenación do marisqueo e da acuicultura; establecemento das condicións para o exercicio das actividades pesqueiras, marisqueiras e de acuicultura mariña; conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños”.*

O equipo responsable do asesoramento científico-técnico remitiu o día 28 de setembro de 2009 os informes técnicos correspondentes.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño emitiu informe o día 30 de setembro de 2009 que determina a ausencia de biotoxinas nas especies obxecto de extracción.

Así pois, tendo en conta os antecedentes, feitos e fundamentos xurídicos e técnicos, resolvo,

Aprobar o “Plan de Ordenación das zonas de libre marisqueo da ría de Arousa”, na modalidade de marisqueo dende embarcación, que se desenvolverá baixo as seguintes **condicións:**

1º. Ambito de actuación

O ámbito deste plan inclúe as seguintes zonas que se explotan baixo a modalidade de marisqueo dende embarcación:



1.1. Lombos do Ulla: como límite interno o río Ulla e como límite externo a liña imaxinaria que une punta Fincheira ata A Redonda (Soberbia) nas illas Malveiras e de aquí a punta Rebordexo na illa de Cortegada, deixando a salvo as zonas de autorizacións e plans das confrarías de Rianxo e Carril. A súa extensión aproximada é de 7 km².

Este banco divídese en tres zonas:

- zona 0, desde o río ata a liña imaxinaria que une punta Palleiro con punta Grandoiro
- zona I, entre o límite da zona 0 ata a liña imaxinaria que une punta Salto Ladrón con punta Frandiño
- zona II, desde o límite da zona I ata o límite externo xa descrito

A liña imaxinaria que une as coordenadas 42°37,979`N / 08°46,721`W e 42°37,086`N / 08°47,936`W divide as zonas I e II en dúas subzonas:

- zona IA, ao E ata a liña imaxinaria que une as coordenadas 42°38,276`N / 08°46,820`W e 42°37,979`N / 08°46,721`W
- zona IB, ao W da liña antes citada
- zona IIA, ao NW da liña citada
- zona IIB, ao SE da liña citada

1.2. O Bohído: o banco localízase ao sur (ou limita polo norte) da liña imaxinaria oeste-este que une punta Aguillón (Illa de Arousa) con punta Rebandeira pequena e encóntrase ao norte (ou limita polo sur) da liña imaxinaria oeste-este que une o punto definido pola coordenada 42°31,325`N / 08°51,741`W (situada ao sur da Illa de Arousa) e transcurre polo norte do polígono de bateas Cambados D, ata a coordenada 42°31,375`N / 08°50,400`W (nas proximidades de Tragove-Cambados), excluindo as zonas de autorización da Illa, Cambados e Vilanova.

A súa extensión é de 5,5 km² aproximadamente.

1.3. Cabío: situado nas inmediacións de punta Cabío, do norte de punta Ladiña á praia de Esteiro (na enseada de Palmeira), cunha extensión aproximada de 4 km². Esta delimitación foi acordada na reunión mantida entre todas as confrarías da ría de Arousa o día 11 de xullo de 2007.



1.4. Resto de zonas de libre marisqueo non sometidas a plans específicos aprobados para as distintas confrarías da ría de Arousa, próximas á Illa de Sálvora.

2º. Período autorizado

A vixencia do presente plan será dende o **5 de outubro ata o 31 de decembro de 2009**.

Segundo o acordo adoptado na reunión mantida o día 28 de setembro de 2009, a actividade desenvolverase **de luns a xoves** (ambos incluídos).

O período autorizado poderá ser modificado mediante a correspondente resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños trala petición do sector segundo os datos biolóxicos obtidos do seguimento continuo do banco e da evolución dos prezos no mercado.

3º. Participantes

Todas as embarcacións asociadas ás confrarías de pescadores de O Grove, A Illa de Arousa, Cambados, Vilanova de Arousa, Vilaxoán, Carril, Rianxo, Cabo de Cruz, A Pobra do Caramiñal, Palmeira, Ribeira e Carreira-Aguiño, que teñan autorizado no seu permex en vigor a arte “marisqueo (Z3)” ou “libre marisqueo (Z3)”.

As **embarcacións** cando faenen acolléndose a este plan, deberán **despachar** indicando “Lombos do Ulla”, “Bohído”, “Cabío”, “Outras zona”, segundo corresponda ao banco no que traballarán. As embarcacións non poderán faenar no mesmo día en máis dun banco.

As **entidades deberán despachar telematicamente** as embarcacións indicando “MARISQUEO (Z3)”, seleccionar no apartado “ARTES AUTORIZADAS NO PERMEX” e finalmente “SELECCIONAR A ZONA DE TRABALLO” (Lombos do Ulla, Bohído, Cabío e outras zonas), segundo correspnda. O mesmo día poderá modificarse **antes das 10.00 horas da mañá a zona de traballo**.

4º. Artes a empregar

De conformidade co establecido no artigo 119º do *Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da actividade de artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia*, están autorizadas como artes de marisqueo desde embarcación os rastros ou angazos, os raños e as ganchas.



Segundo o anterior e o acordo acadado co sector na xuntanza do día 28 de setembro de 2009, na procura dunha mellor selectividade na extracción, establécese que a separación mínima entre as varillas do cope sexa de **17 mm**.

5º. Horario de traballo

O artigo 115º.1 do *Decreto 424/1993, do 17 de decembro*, recolle que o horario de traballo para o marisqueo dende embarcación, nos días autorizados, será de **8:00 a 14:00 horas**.

6º. Especies e cotas máximas de captura

Segundo o acordado na reunión do día 28 de setembro de 2009 entre os representantes do sector, da Administración e técnicos, as cotas máximas de captura quedan do seguinte xeito:

Especies	Lombos do Ulla		O Bohído		Cabío		Resto zonas	
	Trip	Emb	Trip	Emb	Trip	Emb	Trip	Emb
Berberecho	20	60	-	-	5	15	5	15
Ameixa fina	3	9	3	9	2	6	2	6
Ameixa babosa	2	6	6	18	7	21	7	21
Ameixa xaponesa	5	15	3	9	4	12	4	12
Ameixa rubia	-	-			21	63	21	63
Ameixa bicuda					5	15	5	15
Carneiro	-	-			5	15	5	15

Os topes establécense en **quilos por tripulante enrolado e a bordo e día**, ata un **máximo de tres cuotas por embarcación**

A equivalencia **ameixa babosa/ameixa rubia é de 1kg/2kg**, quedando do seguinte xeito:

Ameixa babosa (kg/tripulante/día)	Ameixa rubia (kg/tripulante/día)
7 kg	7 kg
6,5 kg	8 kg
6 kg	9 kg
5,5	10
5	11
4,5	12
4	13
3,5	14
3	15
2,5	16
2	17



Ameixa babosa (kg/tripulante/día)	Ameixa rubia (kg/tripulante/día)
1,5	18
1	19
0,5	20
0	21



As cotas máximas de captura para cada especie e período de tempo poderán ser modificadas mediante a correspondente resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños trala petición do sector segundo os datos biolóxicos obtidos do seguimento continuo do banco e da evolución dos prezos no mercado.

7º. Vixilancia e puntos de control

A **vixilancia** sobre a zona e o **control das capturas** realizarase conxuntamente entre todas as confrarías da ría de Arousa, a través dos seus vixilantes, e coa colaboración e coordinación da Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia

Así, tendo en conta a proximidade das confrarías aos distintos bancos, a distribución das tarefas de vixilancia e control para o **mes de outubro** quedou establecida do seguinte xeito:

Outubro	1ª semán 5 – 8	2ª semán 12 – 15	3ª semán 19 – 23	4ª semán 26 – 30
Lombos do Ulla				
Rianxo	X	X	X	X
Carril	X	X		
Vilaxoán			X	X
Lancha Gardacostas	X	X	X	X
O Bohído				
Vilanova	X			X
Cambados		X		
O Grove			X	
Vixilante Gardacostas	X	X	X	X
Cabío				
A Pobra	X		X	
Ribeira	X		X	
Cabo de Cruz	X		X	
Illa		X		X
Palmeira		X		X
Lancha Gardacostas	X	X	X	X

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

Outubro	1ª semán	2ª semán	3ª semán	4ª semán
Resto zonas (Sálvora)				
Aguíño	X	X	X	X

O deseño do calendario de vixilancia para os meses vindeiros irase elaborando nas sucesivas reunións mensuais de coordinación que se vaian realizando.

O **punto de control** en *Lombos e Bohído* realizarase nas bateas da Consellería do Mar fondeadas nestes bancos e realizarase conxuntamente entre os vixilantes das confrarías e o persoal de Gardacostas de Galicia.

No banco de *Cabío* o control realizarase a bordo da lancha de vixilancia.

No *resto de zonas*, próximas a Sálvora, o control realizarase directamente nas lonxas.

Os técnicos do CIMA-CETMAR realizarán controis quincenais da talla de captura nos diferentes puntos de control.



Os participantes terán que pasar obrigatoriamente polos **puntos de control** ao remate da xornada de traballo (antes das 14,00 horas). O control realizarase dende as **10.00 ata as 14.00** horas, agás na semana comprendida entre o **5 e o 8 de outubro** que comezará ás **9.00 horas**.

Os participantes deberán chegar ao punto de control co marisco de talla regulamentaria e separado por especies, co fin de axilizar o proceso de control.

Os participantes deberán colaborar no punto de control e someterse ás inspeccións que se realicen. En caso de incumprimento do establecido na presente resolución, e a través do oportuno expediente, poderá ser sancionado segundo o establecido na *Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia*.

8º. Formas de comercialización e puntos de venda

A comercialización realizarase en lonxas ou centros de venda autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia e nas formas autorizadas ao abeiro do *Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco*, modificado polo *Decreto 101/2006, do 8 de xuño*.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños</p>	<p>Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25</p>	 <p>XACOBEO 2010 Galicia</p>
--	---	---

As vendas realizaranse a nome da embarcación, que teñan o permiso de explotación en vigor.

9º. Asesoramento científico-técnico

O asesoramento científico-técnico será realizado conxuntamente polo equipo de “Avaliación e seguimento científico das áreas mariñas pesqueiras protexidas” do CIMA e a “Unidade de avaliación dos recursos marisqueiros” da Fundación CETMAR. Estes equipos continuarán coas mostraxes poboacionais nos bancos de *Lombos do Ulla* e do *Bohído* e *Cabío*.

Ademais, realizarán as mostraxes mensuais das caixas de exclusión que permiten coñecer o crecemento e a mortalidade natural das distintas especies nos bancos e rexistrar as variacións de temperatura e salinidade.

A análise da pesqueiría realizarase a partir dos datos diarios de venda das embarcacións que faenaron nestes tres bancos marisqueiros e que serán subministrados por **cada unha das confrarías**, con **periodicidade semanal**, ao **equipo do CIMA a través da dirección de correo electrónico arousa@cimacoron.org**.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar de conformidade co disposto no artigos 114º e 115º da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009

O director xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños

Pablo R. Fernández Asensio